

# Boqueixón

Revista Informativa do Concello

DECEMBRO 2016 - Nº 35



CONCELLO DE  
BOQUEIXÓN



Lorena do Merlo   
photography

IMPRESO SIN DIRECCIÓN

ESPAÑA



FRANQUEO  
PAGADO

Aut. n.º 150.493





|                                                                     |    |
|---------------------------------------------------------------------|----|
| Editorial .....                                                     | 2  |
| Toma de posesión do novo alcalde .....                              | 3  |
| Cancelación débeda Espina e Delfín .....                            | 4  |
| Suministración auga ao Aeroporto .....                              | 4  |
| Visita presidente da Deputación .....                               | 5  |
| Centro sociocomunitario de Boqueixón .....                          | 5  |
| Mellora vial periférico .....                                       | 6  |
| Un quilómetro máis de pistas asfaltadas municipais ..               | 6  |
| Obras na Capela de San Sebastián .....                              | 7  |
| Melloras en diversas parroquias do concello .....                   | 7  |
| 15 quilómetros de novos camiños forestais .....                     | 8  |
| Melloras de saneamento no polígono de Sergude...                    | 9  |
| Traballos de adecentamento das escolas unitarias ..                 | 9  |
| Acondicionamento de parcela para parque móbil. 10                   |    |
| Limpeza da ponte de Ledesma .....                                   | 10 |
| Mellora a sinalización da Ruta dos Pescadores.....                  | 11 |
| Adecuación da zona verde da carballeira de Lestedo. 11              |    |
| Programas xuvenís... un pasaporte cara o futuro ..                  | 12 |
| Sinalización e acondicionamento do monte sagrado de Boqueixón ..... | 14 |
| Novo obradoiro de emprego .....                                     | 14 |
| Contratación operarios prevención de incendios..                    | 15 |
| Contratación perceptores Risga .....                                | 15 |
| Campaña promoción produto local .....                               | 15 |
| 14 tapas con sabor a Boqueixón .....                                | 16 |
| Entrega de diplomas "Deseñando o teu futuro" ....                   | 17 |
| Conciliación para un total de 21 familias .....                     | 17 |
| Tres municipios traballan unidos a favor da mocidade .....          | 18 |
| Talento made in Boqueixón .....                                     | 19 |
| "Cartas de amor" contra a violencia de xénero .....                 | 20 |
| Tarxeta Xente Nova .....                                            | 20 |
| Dixitalización do fondo documental histórico .....                  | 20 |
| Programa Actívate Boqueixón .....                                   | 21 |
| Mellora do equipamento do ximnasio municipal...                     | 21 |
| Escola Infantil Municipal Raíña Lupa .....                          | 22 |
| CPI Antonio Orza Couto .....                                        | 22 |
| C.R.A. BOQUEIXÓN- VEDRA "Neira Vilas" .....                         | 23 |

## Intervención de Manuel Fernández Munín no pleno de nomeamento como alcalde



O Pleno acaba de darme a confianza para ser o novo alcalde de Boqueixón. Un cargo que esixe, sobre todo, o compromiso de traballar arreo nun obxectivo prioritario: ser útil aos veciños e veciñas. E para iso hai que facer as cousas con sentido común, con honestidade e con transparencia; e comprométo-me a que sexa así.

Mais o Concello de Boqueixón non se fai só dende a alcaldía ou dende un grupo de Goberno. De aí que quero que as miñas primeiras verbas sexan un chamamento á colaboración de toda a sociedade, comezando polos veciños e continuando polos funcionarios e concelleiros, tanto do grupo de goberno como da oposición.

Os servizos públicos de Boqueixón son o produto do esforzo de todos, e pola miña parte asegúrovos que sempre tentarei buscar o máximo consenso nas decisións que teña que tomar.

Os que me coñecedes mellor sabedes que a veces pecho de ser unha persoa demasiado seria, segundo os meus fillos moitas veces; pero cando asumo unha tarefa poño toda a ilusión, o traballo e o compromiso.

Salvo nesta lexislatura na que actúe como tenente de alcalde, non teño experiencia política. Si creo que a miña formación, a experiencia profesional como asesor de empresas e o coñecemento da sociedade civil de Boqueixón despois do meu paso por varias asociacións me poden axudar nesta tarefa.

Por todo iso, e polos erros que poida cometer e que seguro que cometerei, pido a comprensión dos concelleiros deste Pleno, dos traballadores municipais e o perdón por anticipado aos nosos veciños e veciñas.

**Manuel Fernández Munín**  
**Alcalde de Boqueixón**

# Manuel Fernández Munín toma posesión como alcalde de Boqueixón e Ovidio Rodeiro faino como Delegado Territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña

O mécores 7 de decembro, celebrouse no salón de plenos da casa do concello, o pleno extraordinario e urgente no que se nomeou alcalde a Manuel Fernández Munín. O alcalde electo aproveitou a ocasión para agradecer a confianza depositada nel para ocupar o cargo e manifestou o seu compromiso de traballar arreo co obxectivo prioritario de ser útil aos veciños e veciñas.



*Fernández no momento de prometer o cargo como alcalde.*



*Rodeiro na toma de posesión como Delegado Territorial da Xunta.*

## Carta de despedida de Ovidio Rodeiro á veciñanza de Boqueixón

O xa ex alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, enviou aos veciños e veciñas do concello unha carta de despedida onde, entre outros asuntos, informaba que “o Presidente Alberto Núñez Feijoo ofreceume a posibilidade de ser o Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, o que significa poder coordinar todas as actuacións que a administración autonómica realiza na nosa provincia.

Este traballo é, por lei, incompatible co de Alcalde de Boqueixón, polo que debo renunciar ao posto que de xeito tan maioritario me tendes ofrecido os veciños e veciñas do meu Concello. Por iso o meu compromiso prioritario seguirá estando en Boqueixón, o Concello onde nacín, onde vivo coa miña familia e onde seguirei participando da vida social e institucional.”

Ovidio Rodeiro di, estar convencido de “que dende esta nova responsabilidade podo ter máis e mellores oportunidades de seguir traballando para mellorar a calidade de vida dos meus veciños e veciñas, o meu maior desexo.”

Por último, manifesta que “segurei estando á vosa disposición no teléfono e whatsapp 680.444.383, en [www.facebook.com/ovidio.rodeiro](https://www.facebook.com/ovidio.rodeiro) ou en Twitter @OvidioRodeiro”.

## Boqueixón cancela a débeda con Espina e Delfín polas obras de ampliación do abastecemento de auga por un importe de 366.000€, que vencía en 2029

*En aquel entón acordouse pagar as obras a través dunha ampliación do contrato ata 2029*

O Pleno do Concello de Boqueixón aprobou no mes de novembro aboar á empresa Espina e Delfín os 366.000 euros correspondentes ás obras de ampliación do servizo de abastecemento de auga ás parroquias de Loureda, Gastrar, Vigo e Lamas que

se executaron entre os anos 2006 - 2007. Estas obras foron realizadas naquel entón pola empresa adxudicataria a cambio da ampliación do contrato ata o ano 2029.

A principios deste ano, o concello asumiu a xes-

tión directa do servizo de auga, o que provocou a reclamación xudicial por parte da empresa Espina e Delfín.

Aboar esta cantidade é unha decisión que defende os intereses do Concello, xa que se liquida

dunha vez unha débeda que vencía en 2029 coa finalización do contrato.

Os veciños das catro parroquias onde se realizaron as obras de ampliación teñen servizo de abastecemento de auga potable dende hai 9 anos.



*Imaxes da pranta potabilizadora de auga.*

## Convenio co Concello de Santiago para a subministración de auga ao Aeroporto de Lavacolla

Neste mesmo pleno, ratificouse o convenio co Concello de Santiago aprobado en xunta de goberno o pasado 6 de outubro, que permitirá o subministro de auga potable ao Aeroporto de Lavacolla durante os vindeiros cinco anos.

O convenio sinala que o caudal máximo de sub-

ministro á infraestrutura aeroportuaria será de 240 metros cúbicos diarios e o prezo será este ano de 0,745 euros por metro cúbico, a mesma cantidade que se sinala na ordenanza boqueixanesa para os aboados industriais.

Ademais do aeroporto compostelán, Boqueixón tamén subministra auga

potable para a totalidade do concello de Vedra, para as parroquias limítrofes de Vila de Cruces e para as localidades de Marrozos e Lavacolla en Santiago. Ademais, Boqueixón conta con este servizo no 100% dos seus núcleos de poboación.

A infraestrutura municipal conta cunha capacidade

de tratamento de 2.600 metros cúbicos de auga diarios, uns 30 litros por segundo, que poderían satisfacer a demanda de 11.700 habitantes, case tres veces a poboación do concello. Calquera veciño que solicite unha nova alta no abastecemento ten garantido o enganche nun prazo inferior ás 48 horas.



# Boqueixón solicitoulle á Deputación unha senda peonil na estrada do Feal a Codeso

O presidente da Deputación de A Coruña, Valentín González, visita o Concello



O presidente da Deputación na visita á escola unitaria de Camporrapado.

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, realizou no mes de outubro unha visita institucional ao concello de Boqueixón, no que destacou a aposta do organismo provincial polo desenvolvemento dos municipios rurais.

González Formoso, repasou co equipo de goberno, algunhas das obras financiadas con cargo aos diferentes plans provinciais, que serviron para construír e mellorar numerosas infraestruturas e servizos municipais.

Neste ano, executáronse con cargo ao Plan de Ac-

ción Social da Deputación da Coruña, obras por valor de 133.437,04€ destinadas a realización do acondicionamento e melloras nas escolas unitarias, no colexio de primaria, no local social de Loureda e nos campos de fútbol de Camporrapado e O Forte.

O equipo de goberno aproveitou a visita do presidente da Deputación para solicitar a construción dunha nova senda peonil de 3 quilómetros de lonxitude na DP 1201, unha demanda que o presidente provincial se comprometeu a estudar co departamento de Vías e Obras.

## A Xunta destina 200.000€ para o acondicionamento do inmobile que albergará o centro sociocomunitario de Boqueixón

*Rey Varela e o Concello de Boqueixón asinaron un convenio de colaboración para a execución deste proxecto*

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela e o Concello de Boqueixón, asinaron no mes de setembro un convenio de colaboración para financiar o acondicionamento da edificación para centro sociocomunitario, que se realizará no municipio.

O acordo establece as bases de colaboración entre ambas as dúas partes para o financiamento da edificación

situada na parroquia de Sergude, no lugar de Pumares, para centro sociocomunitario.

Ao abeiro do convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Boqueixón unha cantidade máxima de 200.000€ durante as anualidades 2016, 2017 e 2018 (data na que o convenio quedará sen vigor).



Momento da sinatura do convenio.

# Investimento de máis de cen mil euros na mellora do vial periférico que comunica A Granxa con Lestedo

*As obras foron cofinanciadas nun 75% co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural*

No mes de outubro finalizáronse as obras de mellora do vial periférico que atravesa o Pico Sacro e que une as parroquias de A Granxa e Lestedo.

Acondicionáronse un total de 1.800 metros no que se executou a ampliación a 5 metros con apertura de cunetas e aglomerado.

A realización desta acción foi posible grazas ao programa de mellora de camiños en varias zonas de reestruturación parcelaria que a Consellería de Medio Rural executou neste ano 2016.



*Estado actual do vial despois da realización das obras.*

## Preto de 70.000€ destinados á ampliación dun quilómetro máis de pistas asfaltadas municipais

*A execución desta obra permite a unión das parroquias de Boqueixón e A Granxa*



Recientemente finalizáronse as obras de construción dunha nova pista que enlaza as parroquias de Boqueixón e A Granxa coa ampliación da ponte.

Son preto dun quilómetro máis de pista asfaltada que se suman á totalidade das xa existentes.

Trátase dunha actuación que levou a cabo

Medio Rural na zona de concentración parcelaria Boqueixón - A Granxa. Os traballos, con cargo a fondos autonómicos, consistiron na ampliación da ponte e o asfaltado deste camiño. Ademais os operarios tamén realizaron os entronques das pistas da citada concentración coa rede municipal e provincial.



# Obras de conservación na Capela de San Sebastián do Pico Sacro dirixidas por patrimonio

*O estado actual de conservación xeral é bo, pero debido á falta de actuacións de conservación nos muros exteriores e interiores, presenta certas deficiencias*

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural colabora co Concello de Boqueixón nas obras de mellora da Capela de San Sebastián da Granxa cun orzamento de máis de 20.000€.

As actuacións consisten na conservación da propia igrexa tanto das fachadas e dos paramentos interiores, revestidos con pintura coma a da cuberta e instalacións.

Respecto á cuberta colocaranse novos caneiros e baixantes de cinc para evitar que a auga discorra pola propia fachada procedendo ao seu manchado e substituíranse as pezas rotas da cuberta por outras novas.

A citada igrexa foi construída durante o século XI,

asentada directamente sobre o seixo e parte da roca agroma, formada por

unha nave principal, a cal sufriu diversas reformas engadindo un atrio cuber-

to na fachada principal e unha sancristía na parte traseira.



*Estado actual de conservación da capela de San Sebastián.*

## Melloras en edificios, instalacións municipais e desbroce e limpeza de galias en diversas parroquias do concello

*Está previsto que as obras teñan un custo aproximado de 67.000€*

Os proxectos que teñen un presuposto de 66.901,55€, terán como actuacións máis significativas a creación e equipación dun parque infantil no lugar de Deseiro de

Arriba e na escola unitaria de Lestedo, o arranxo da cuberta do centro de saúde, do local social e do pavillón polideportivo de Lestedo.

Por outra banda, tamén

está previsto a execución de traballos de desbroce e limpeza de galias en pistas forestais de distintas parroquias do municipio coa finalidade de mellorar o drenaxe lonxitudinal

e facilitar a visibilidade de tráfico.

Estas obras están solicitadas a Deputación da Coruña como proxectos complementarios aos plans PAS e POS.

# 15 quilómetros de novos camiños forestais cun investimento de 53.475,25€

## RELACIÓN DE NOVOS CAMIÑOS FORESTAIS

|                                                          |                                                |
|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| Camiño monte cima da Alboya (Lamas)                      | Lonxitude total de 3.340 m. e 4,00m. de ancho  |
| Camiño cima de Orto ramal 1 (Codeso)                     | Lonxitude total de 300 m. e 4,00 m. de ancho   |
| Camiño cima de Orto a estación bombeo canteiras (Codeso) | Lonxitude total de 200 m. e 3,00 m. de ancho   |
| Camiño cima de Orto ramal 2 (Codeso)                     | Lonxitude total de 270 m. e 4,00 m. de ancho   |
| Camiño do Casal a AC-261                                 | Lonxitude total de 525 m. e 3,00 m. de ancho   |
| Camiño monte de Agra a Moa (Loureda)                     | Lonxitude total de 1.956 m. e 5,00 m. de ancho |
| Camiño aeroporto – cima de Moa (Loureda)                 | Lonxitude total de 525 m. e 4,00 m. de ancho   |
| Camiño de monte volta a Midón (Loureda)                  | Lonxitude total de 1.760 m. e 4,5 m. de ancho  |
| Camiño en Xiadás (Gastrar)                               | Lonxitude total de 160 m. e 3,50 m. de ancho   |
| Camiño de Casalpegito a volta da Igrexa (Gastrar)        | Lonxitude total de 1.990 m. e 4,00 m. de ancho |
| Camiño de Casalpegito dirección Loureda                  | Lonxitude total de 675 m. e 4,00 m. de ancho   |
| Camiño alto de Vilaboa (Gastrar)                         | Lonxitude total de 1.350 m. e 4,50 m. de ancho |
| Camiño de N-525 dirección Pico Sacro (Lestedo)           | Lonxitude total de 1.400 m. e 5,00 m. de ancho |
| Camiño de AC-960 a AC-240 (Codeso)                       | Lonxitude total de 680 m. e 4,5 m. de ancho    |
| Camiño de Porcariza a cima de Devesa (Codeso)            | Lonxitude total de 250 m. e 4,5 m. de ancho    |

O Concello de Boqueixón conta dende o mes de setembro con 15 quilómetros máis de novos camiños forestais nas parroquias de Codeso, Loureda, Lamas, Lestedo, e Gastrar. A suma deste proxecto supuxo un investimento de máis de 50.000€.

As obras consistiron na súa gran maioría na mellora da capa de rodaxe con emprego de dez centímetros de zorra procedente da canteira e a apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal.



Na imaxe é visible a mellora da capa de rodaxe.



Cabeza de camiño que enlaza coa estrada de Loureda a Lavacolla.



Apertura de gabias e limpeza de salvagabias.



# Execución de obras por máis de 90.000€ na mellora da rede de saneamento do polígono industrial de Sergude

*Canalización de 490 metros de tubaría e execución de 10 pozos estanco e 2 normais*

O Concello de Boqueixón acometeu obras de mellora na rede de saneamento do polígono industrial de Sergude que consistiron na canalización de 490 metros de tubaría e execución de 10 pozos estancos e 2 normais que facilitaron a conexión dos colectores actuais á rede xeral da depuradora de Sergude.

Coa realización desta actuación minimízase o efecto da irregularidade da carga contaminante das fecais do polígono e redúcense os custos de mantemento.

As obras foron subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e contaron cun orzamento de 93.268,64€.



*Pozos estanco que facilitan a conexión dos colectores actuais á rede xeral da depuradora.*

## Traballos de adecentamento das escolas unitarias de Sergude, Lestedo e Camporrapado

O concello de Boqueixón realizou obras de mellora con cargo ao Plan PAS da Deputación de A Coruña

e incluíron a mellora da zona de entrada, a instalación de novos chans interiores de cortiza, o pin-



*Instalación de cubrimento nas entradas á escola unitaria.*

nas tres escolas unitarias que se atopan no municipio e que forman parte do CRA Boqueixón – Vedra “Xosé Neira Vilas”.

Os traballos supuxeron unha reforma integral dos centros educativos

tado interior das aulas, a dotación de novos baños, xanelas en carpintería de aluminio e un novo sistema de calefacción, incrementando notablemente a habitabilidade e comodidade para os cativos.



*Colocación de cortiza no chan e nas paredes.*



*Pintado exterior.*

Estas escolas comezaron o seu funcionamento a principios da década dos 60, chegando a contabili-

zar no municipio un total de 17 escolas unitarias, das cales tan só tres están activas na actualidade.

## Acondicionamento dunha parcela no lugar de O Forte para parque móbil

O Concello de Boqueixón ven de adquirir recentemente unha parcela situada en fronte do concello e a carón da base de Protección Civil para destinala a aparcadoiro do parque móbil municipal.

A parcela consta dunha supeficie de 988 metros cadrados e actualmente conta cunha edificación principal e de dúas cons-

trucións auxiliares en estado de total abandono.

As obras a executar consisten por un lado na demolición das construcións, na retirada dos escombros e na nivelación do terreo e por outro no peche da parcela e na construción do aparcamento.

O orzamento total para a execución desta obra ascende á cantidade de 40.696€.



*Parcela onde se ubicará o aparcamento.*

## A Xunta rematou as tarefas de limpeza e rehabilitación da ponte medieval de Ledesma

*Investimento nas obras de máis de 60.000€*

Recientemente déronse por finalizados os traballos de limpeza e rehabilitación do viaduto medieval de Ponte Ledesma cun investimento final de 65.000€.

As obras incidiron especialmente na retirada da vexetación porque o seu crecemento poñía en perigo a estrutura da ponte, de cuxa existencia xa se tiña constancia no ano 1276.

O proxecto incluíu a substitución dos canalóns xa existentes por outros máis armoniosos, a renovación do pavimento para igualar o firme e acadar un acabado máis homoxéneo e a iluminación da zona peonil de paso, o que obrigou a revisar a iluminación led instalada anos atrás.



*Vista actual da ponte despois da realización dos traballos de limpeza.*

*FOTO: José Ramón Moire Silva.*



## Mellora a sinalización da Ruta dos Pescadores entre Donas e Ledesma

*Este treito do Ulla pertence a Rede Natura 2000*

O Concello de Boqueixón executará obras de mellora e sinalización na Ruta dos Pescadores, sendeiro que discorre a carón do Río Ulla e que goza de gran beleza e valor etnográfico.

Esta senda, usada historicamente polos pescadores, atravesa as parroquias de Ledesma, Sucira

e Donas e ao longo do camiño poderase visitar o muíño do Cereixo, a área recreativa e a Igrexa de Santa Mariña de Sucira, a ponte románica de Ledesma e as Illas de Gres.

As actuacións consistirán na mellora do estado xeral da ruta e na instalación dunha sinalización homoxénea da mesma.



Área recreativa de Sucira. FOTO: M<sup>a</sup> Ángeles Varela Montes.

## Adecuación da zona verde da carballeira de Lestedo na praza da feira

*Estas actuacións están incluídas no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) da Deputación da Coruña*

O Concello de Boqueixón levará a cabo obras de adecuación e mellora da carballeira de Lestedo, a cal está ubicada no campo da feira e recolle ao longo de todo o ano diversas celebracións,

como son as feiras-mercado todos os primeiros e terceiros domingos de mes, as festas patronais e a festa da filloa.

Estas actuacións contan cun orzamento de máis de 50.000€ e están en-

camiñadas á mellora da contorna natural e da calidade ambiental a través do acondicionamento do terreo (plantación de céspede), acondicionamento de sendeiros e mellora de pluviais, mellora do par-

que infantil, o abuxardado da beiravía e a execución dunha rampla que permita a conexión da beirarrúa coa zona do aparcamento facilitando deste xeito o acceso a persoas con mobilidade reducida.



Vista xeral da zona verde da carballeira de Lestedo.



# Programas xuvenís... un

## Alberto Fariñas Lòpez

Idade: 26 anos

Parroquia: A Granxa

Estudos rematados ou que curses actualmente:

O ano pasado rematei o ciclo Superior de Axencia de Viaxes e Xestión de eventos

Traballaches algunha vez?

Cando acabei o ciclo estiven de prácticas en Halcón Viaxes.

É a primeira vez que participas nun programa xuvenil?

Non, participei tamén no programa de Voluntariado Xuvenil, fai uns anos, no Concello.

Nome do programa xuvenil no que participaches recentemente:

Galeuropa.

Podes describirme o programa?

Este programa consiste na realización dunhas prácticas formativas en empresas, dentro da Unión Europea e cunha duración de tres meses.

En que crees que che axudou a participación no programa?

A participación no programa axudoume a adquirir unha serie de competencias e coñecementos nun idioma estranxeiro, a fomentar a autonomía e a independencia e ao desenvolvemento persoal e a toma de decisións.



Alberto facendo as prácticas da beca Galeuropa na axencia de viaxes de Italia.

Que lle dirías a unha persoa que estivese na túa mesma situación e che preguntara polo programa?

Que non o pensen, que vaian, que é unha oportunidade irrepetible e moi enriquecedora. Van aprender moitas cousas e adquirir experiencia a nivel profesional. Ademais é unha oportunidade para poder coñecer un país novo, unha cultura diferente, de viaxar e visitar grandes cidades, como no meu caso, foi poder coñecer Italia.

Fai unha valoración do programa do 1 ao 10, sendo 1 totalmente negativa e 10 totalmente positiva e moi recomendable:

Daríalle un 9.

## Víctor Rendo Fernandes

Idade: 17 anos.

Parroquia: Pousada.

Estudos rematados ou que curses actualmente: ESO

Traballaches algunha vez? Si, en peón agrícola e forestal.

É a primeira vez que participas nun programa xuvenil? Si.

Nome do programa no que participaches recentemente: Voluntariado xuvenil.

Podes describirme o programa?

Programa o cal che permite estar nun ámbito de traballo que sempre quixeches probar, vivir en primeira persoa o trato ca xente e actividades que che pode ofrecer.

En que crees que che axudou a participación no programa?

A participación no programa que levei a cabo, no ámbito de monitor de ximnasio, axudoume a mellorar a comunicación cos membros deste; abrir o ximnasio días que o precisasen, axudar á execución de exercicios, facer planings de adestramento, facilitar a adquisición de novo material.

Que lle dirías a unha persoa que estivese na túa mesma situación e che preguntase polo programa?

Se lle convence o ámbito de monitor de ximnasio, aconsellaríalle levalo á práctica, pois as vivencias dentro de programa, fan que te sintas un verdadeiro monitor



Víctor axudando na execución correcta dos exercicios a un usuario do ximnasio municipal.

licenciado, e fan que madures como persoa no trato ca xente e como deportista na elaboración de planings e boa execución dos exercicios.

Fai unha valoración do programa do 1 ao 10, sendo 1 totalmente negativa e 10 totalmente positiva e moi recomendable:

Valoro o programa cun 8.



# pasaporte cara o futuro

## Laura Mujico Millán

Idade: 19

Parroquia: Lamas

Estudos rematados ou que curses actualmente:

Curso actualmente o Grao de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo

Traballaches algunha vez?

No, non traballei nunca.

É a primeira vez que participas nun programa xuvenil?

Non, fixen o ano pasado tamén o programa de voluntariado xuvenil, pero en relación co Verán Activo.

Nome do programa xuvenil no que participaches recentemente:

Programa de Voluntariado xuvenil pola sección de turismo e en relación co Campo de Traballo internacional que se desenvolveu no noso concello.

Podes describirme o programa?

Programa de voluntariado dirixido ao campo de traballo internacional que este ano estaba relacionado coa posta en valor do Pico Sacro. A miña labor consistía en traducir o que as monitoras querían transmitir aos participantes e integralos tamén dentro do grupo para que a diferenza de idioma non supuxese un problema. Ademais, axudaba a preparar actividades, dar a coñecer o noso concello aos participantes e, en xeral, no desenvolvemento do campo de traballo.



Laura exercendo de traductora no Campo de Traballo internacional do Pico Sacro.

En que cres que che axudou a participación no programa? Axudoume a coñecer persoas e culturas diferentes e practicar o inglés. Por outra banda, tamén me axudou a realizar actividades para xente da miña idade ou superior, o que supuxo un reto pois non sempre estabamos seguros de que lle puidesen gustar ou que se puidesen divertir con elas.

Que lle dirías a unha persoa que estivese na túa mesma situación e che preguntara polo programa?

É unha experiencia da que se pode aprender e que che pode axudar de cara ao futuro.

Fai unha valoración do programa do 1 ao 10, sendo 1 totalmente negativa e 10 totalmente positiva e moi recomendable:

Valóroo cun 8,5.

## Brais Rey Calvo

Idade: 15 anos.

Parroquia: Sergude.

Estudos rematados ou que curses actualmente:

Curso 4ºESO.

Traballaches algunha vez?

Nunca.

É a primeira vez que participas nun programa xuvenil?

É a primeira vez que participo.

Nome do programa xuvenil no que participaches recentemente:

Deseñando o teu futuro.

Podes describirme o programa?

Trátase dun programa para xóvenes aos que se integran no mundo laboral co obxectivo de que coñezan como é un traballo e para decidir o que lles gustaría ser de maiores.

En que crees que che axudou a participación no programa?

Axudoume para descubrir como se traballaba nun concello e para aclararme as ideas cara o futuro.



Brais durante a estadia no programa Deseñando o teu futuro.

Que lle dirías a unha persoa que estivese na túa mesma situación e che preguntara polo programa?

Que se apunte porque ademais de aclararte o que queres ser de maior, aprendes moito e integraste nese traballo.

Fai unha valoración do programa do 1 ao 10, sendo 1 totalmente negativa e 10 totalmente positiva e moi recomendable: Un 9.

# Finaliza a sinalización e acondicionamento do monte sagrado de Galicia

*Actuacións no Pico Sacro por valor de 43.749,03€*

O concello, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, executou traballos de mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro, o monte máis emblemático de Boqueixón.

O proxecto executado na zona permitiu acondicionar o espazo reservado para o aparcamento cun tipo de zahorra menos esbaradiza, a vella e carcomida baranda de madeira foi substituída por outra, do mesmo material pero moito máis segura e cómoda.

O plan de actuación tamén permitiu limitar os accesos a vehículos para circular polo monte, rozar todo o Pico e instalar

sinais informativas con códigos QR para que os visitantes obteñan información complementaria á rexistrada nos paneis, con textos en galego, castelán e inglés.

Estas actuacións constitúen o primeiro avance dentro do proxecto municipal de posta en valor do Pico Sacro que tamén recolle a recuperación e estudo das fontes históricas e documentais.



*Tras o remate das obras son visibles as melloras realizadas.*

## Un novo obradoiro de emprego forma a 20 alumnos/as en carpintaría e xardinaría

*Esta iniciativa está compartida co Concello de Vedra*

Esta é a quinta vez no que a colaboración entre os concellos de Vedra e Boqueixón posibilita a organización dun obradoiro de emprego conxunto. Nesta ocasión, a iniciativa conta con 20 alumnos-traballadores, distribuídos nas especialidades de traballos de carpintaría e moble e actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría. Os participantes contan

cun contrato formativo de seis meses de duración e cobran o 100% do salario mínimo interprofesional.



### Obras de acondicionamento de espazos públicos

As obras que levan a cabo os alumnos-traballadores no Concello de Boqueixón permiten a realización de actuacións dirixidas a mellorar e embelecer os principais lugares públicos das parroquias.



## Contratación de 9 operarios para a prevención e defensa de incendios forestais

*O convenio recolle preto de 55.000€ para o desenvolvemento destas accións*

O Concello de Boqueixón asinou un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural por un período de tres anos, para a contratación dos operarios que se encargaron das tarefas de prevención e defensa de incendios forestais.

Estes traballos realizáronse por un período de tres meses e ocuparon a dous motobombistas e

a dous traballadores para a realización de traballos preventivos de xeito mecanizado.

Tamén se contratou unha brigada de 5 operarios para o desenvolvemento de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,3 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.

## O concello contratou durante sete meses a dous perceptores de Risga

*Financiouse a través dunha subvención de algo máis de 16.000€ concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria*

O Concello de Boqueixón, contratou a dúas persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia (Risga), para a realización de tarefas dentro do servizo de mantemento de espazos múltiples.

Os contratos foron por un período de sete meses cunha xornada do

75%, durante os cales os beneficiarios percibiron un salario proporcional á xornada laboral e a categoría profesional.

Estas contratacións financiáronse a través dunha subvención de 16.389,10€ concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## Campaña de promoción do produto local

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Deputación da Coruña, vai a poñer en marcha unha campaña de promoción do produto local co obxectivo de achegar de primeira man á cidadanía

este selo de garantía e promover así o consumo de produtos da terra.

Esta campaña inclúe o deseño e impresión de folletos informativos e publicitarios sobre os be-

neficios de consumir produtos locais.

A medida, dá continuidade ás accións emprendidas de apoio aos produtores como a cata maridaxe e a xornada de

traballo dos empresarios de Boqueixón co consellerio de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, levadas a cabo ambas no primeiro trimestre deste ano.



*Produtos locais de Boqueixón.*

# 14 tapas con sabor a Boqueixón

*Conclúese con éxito a V edición da Ruta de Tapas “Que rico estás Boqueixón”*

Máis de 2.400 tapas individuais foron despachadas na V Ruta de Tapas do Concello de Boqueixón, que se celebrou en 12 establecementos hostaleiros a finais do mes de novembro e a principios do mes de decembro.

Neste evento déronse cita a cociña máis moderna e innovadora coa máis tradicional co obxecto de facer unha

exaltación dos produtos da zona como o queixo de Boqueixo (D.O. Arzúa-Ulloa e D.O. Queixo de Tetilla), carnes e toda a “horta de Boqueixón”.

Nesta ocasión o premio do concurso popular á mellor tapa foi compartido, xa que O Rincón de Pepe coa súa tapa “Raíña Lupa” e Casa de Xantar Casa Castro coa

súa tapa “Tosta de Outono” empataron en número de votos. Os clientes tamén tiveron premio, e sorteouse 5 botellas Magnum cortesía de Bodega Pazo do Mar, un vale de 120€ para canxear por comida/cea nun dos establecementos participantes e 200€ en metálico.

O prezo da tapa foi de 1,5 euros, e puidéronse degus-

tar os días 25, 26, 27 de novembro e 2, 3, 4 de decembro nos bares e restaurantes abaixo destacados en horario de mañá, de 12 a 15 horas, ou de tarde de 20 a 22:30 horas.

A finalidade da realización da ruta é a promoción do sector hostaleiro do municipio a través do turismo gastronómico.



A Taberna d'San Benito



Bar García



Café Bar A Barreira



Café Bar O Rincón de Pepe



Casa Almarthi



Casa de Xantar Casa Castro



Casa de Xantar Casa Castro



Cervexería O Vikingo



Restaurante Vente Vindo



Restaurante Vente Vindo



Restaurante Vía da Prata



Casa de Xantar O Imprevisto



Café Bar Latino



Café Bar O'26



# Entrega de diplomas aos 23 participantes en estadias titorizadas en empresas a través do programa “Deseñando o teu futuro”

*13 mozas e 10 mozos participaron desta experiencia*

A principios do mes de outubro, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na entrega dos diplomas acreditativos aos 23 mozos e mozas participantes no programa “Deseñando o teu futuro” promovido polo Concello de Boqueixón.

Esta acción, que se desenvolveu no marco do programa “Deseñando o teu futuro” da Consellería de Política Social, contou coa colaboración de empresas tanto do propio concello de Boqueixón como de concellos limítrofes: San-

tos, Cocina y Baño, S.L., Casa Casal, Residencia Sta. Olalla, Muebles Ferreiro, S.L., Escola Infantil Municipal Raíña Lupa, Diesel Inyección Milladoiro, S.L., Asociación Pura Raza Cabalo Galego, Tecno Security España, Clece, S.A., Talleres Lestedo, Clínica Veterinaria A Media Lúa, PAC Veterinario Area Central e Merillotes Fotografía.

O programa Deseñando o teu futuro é unha iniciativa de educación non formal para que mozos e mozas de entre 14 e 18 anos poidan realizar pequenas estadias titorizadas en centros de traballo; que



*Entrega de diplomas “Deseñando o teu futuro”.*

serve para aproximar aos rapaces e rapazas galegos ao ámbito sociolaboral coa finalidade de que coñezan a realidade das empresas.

No caso de Boqueixón, as 13 mozas e os 10 mozos participantes realizaron visitas estadias de entre 5

e 15 días de duración en empresas de diversos sectores: hostaleiro, servizos sociais, motor e seguridade, entre outros.

Os participantes recibiron 6 euros ao día, para cubrir os gastos de desprazamento.

## Conciliación para un total de 21 familias

*Actividades culturais e de lecer a partir dos 4 anos*

A ocioteca de Camporrapado nace coma un espazo de contido lúdico – educativo que contempla, entre os seus obxectivos principais, facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos pais e nais mediante a oferta de actividades culturais, educativas e de lecer.

Este ano, acolle a 28 nenos e nenas, o cal supón unha alternativa de conciliación para un total de 21 familias. O espazo é compartido polos cativos

do municipio cada venres en horario de 16:00h. a 20:00h., aproveitando que a xornada lectiva é só de mañá.

Os participantes contemplan idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, e reúnen na Casa da Cultura de Camporrapado, onde realizan manualidades, xogos cooperativos, festas temáticas, teatro e moitas outras actividades que garanten a diversión e as relacións entre iguais nun marco de respecto e igualdade.



*Participantes da ocioteca na festa do samain.*

# Tres municipios traballan unidos a favor da mocidade

*Os Concellos de Vedra, Vila de Cruces e Boqueixón, están implicados no proxecto*

Dende fai 3 anos, tres municipios da comarca – Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces – unen as súas forzas nun programa de información e dinamización xuvenil destinado á xuventude dos tres concellos.

Este programa recolle unha programación conxunta de actividades destinadas todas elas á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos de idade propiciando unha maior incidencia social en materia de xuventude e voluntariado para acadar unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual. É prioritario promover actuacións e canles dirixi-

das a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso da mocidade á utilización das novas tecnoloxías.

**tariado xuvenil**, que é un programa dirixido a xóvenes de entre 16 e 30 anos no cal desenvolven diferentes accións en áreas diversas: dinamización sociocultural, accións ambientais,

R.C. e cunha beca de 6€ que cubre os gastos de desprazamento e manutención.

Outra actividade de interese son as **becas Galeuropa**, consistentes en prácticas formativas non retribuídas en entidades ou empresas públicas ou privadas de 31 países europeos, para o cal fai falta estar inscrito en Garantía Xuvenil. Durante este ano, participaron neste programa 14 mozos e mozas de Boqueixón, Vedra, Vila de Cruces e de outros concellos galegos, realizando prácticas en empresas de Irlanda, Cork, UK, Londres, Italia e Bolonia, poñendo en práctica o aprendido durante a etapa educativa de cada un.



De entre as actividades programadas para a mocidade de Boqueixón, cabe destacar o **volun-**

accións deportivas... As persoas voluntarias contan con formación, seguro de accidentes e de

## Programa Garantía Xuvenil

Esta iniciativa pretende facilitar o acceso da mocidade menor de 30 anos ao mercado de traballo, sendo imprescindible atoparse inscrito para poder acceder a calquera acción formativa ou laboral para este colectivo.

### Requisitos:

- Ter máis de 16 e menos de 30 anos
- Non ter traballado nos 30 días anteriores á presentación da solicitude de Garantía Xuvenil.
- Non ter recibido accións formativas que leven máis de 40 horas mensuais nos 30 días anteriores á presentación da solicitude de Garantía Xuvenil.

**+info: Omix de Boqueixón**





# Talento made in Boqueixón na Maker Faire Galicia

*Diego e David Vidal Míguez e Sergio González Taboada, veciños de Boqueixón, participaron nesta feira de inventores*

O Palacio de Congresos de Santiago acolleu a celebración da Maker Faire Galicia, entendida como a maior feira de inventores do mundo e coma un escaparate para a creatividade e o inxenio pensado para todos os públicos e disciplinas: gastronomía, robótica, mecánica, ciencia, arte urbano, música, electrónica, artesanía, etc.

Un lugar onde compartir coñecemento, descubrir proxectos fascinantes e facer contactos profesionais.

Entre os expositores que exhibían as súas creacións, tres mozos de Boqueixón, achegaron ao público asistente os seus deseños e invencións.

**Diego e David Vidal Míguez**, 19 anos, veciños de Loureda e estudantes do ciclo superior de escultura na ESAD Mestre Mateo e de Inxeniería Industrial respectivamente, presentaron na feira o seu talento artístico a través de 5 debuxos, 2 esculturas e 2 ilusións ópticas.

De entre os seus traballos, destacou unha das esculturas feitas en papel flexible, técnica que consiste no pegado de folios un a un, seguindo un patrón e no tallado a man da figura a representar.

O seu talento, levounos a acadar o 3º premio do voto do público e 3 men-

cións de honra por parte da organización.

**Sergio González Taboada**, 32 anos, veciño de Camporrapado, traballa como integrador de sistemas audiovisuais, presentou na Maker Faire Galicia a través da Asociación Recuncho Maker de Santiago de Composte-

la, un sistema de axuda á condución en entornos de baixa visibilidade a través da colocación de balizas con iluminación led na periferia da estrada mediante as cales se mostra de forma dinámica a distancia mínima de seguridade entre vehículos e se xeneran alertas de maneira inme-

diata no caso de detectar dificultades na circulación do tráfico por mor de incidencias ou accidentes.

Este proxecto tivo gran acollida entre os asistentes ao evento e levouno a acadar 2 mencións de honra por parte da organización e o 3º premio do voto do público.



*Sergio González durante a celebración da feira.*



*Zona de exposición das creacións de David e Diego Vidal.*

# “Cartas de amor” contra a violencia de xénero

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, a Casa do Concello, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, acolleu a exposición “Cartas de Amor”, unha recopilación gráfica de ilustracións de diversos artistas

sobre a violencia de xénero e a mocidade. A exposición estivo aberta ao público de luns a venres en horario de mañá dende o 18 ao 28 de novembro.

Os mozos e mozas do 3º curso da ESO do C.P.I Antonio Orza Couto, un total de 16, traballaron sobre os con-

tidos da exposición a través dun taller que levou por nome “O amor e a liberdade van da man”, cuxo obxectivo foi tomar conciencia da necesidade de expresar os sentimentos propios e entender os da outra persoa, para resolver conflitos sen violencia. Tamén abordaron a temática dos celos como unha falsa expresión de

amor na relación de parella.

Dende o CIM, a comezos do vindeiro ano, continuando coa labor preventiva entre a poboación adolescente, desenvolverase un ano máis o Obradoiro de Prevención da Violencia de Xénero en Adolescentes, destinado a rapaces e rapazas de 4º ESO.



## Campaña Municipal do 25N

A casa do Concello encheu as súas paredes de mensaxes que reflicten a parte máis invisible da violencia de xénero, a cal se manifesta a través de micromachismos e outras ideas aceptadas e moi arraigadas. O obxectivo foi dobre: invitar á reflexión e facilitar o recoñecemento de actitudes machistas.

## Tarxeta Xente Nova

Viaxes interurbanas gratuítas para rapaces/zas de entre 4 e 18 anos



Tarxeta Xente Nova.

A Tarxeta Xente Nova é a tarxeta de transporte metropolitano de Galicia (TMG) que permite realizar todas as viaxes interurbanas gratuítas aos rapaces/zas de entre 4 e 18 anos (os menores de 4 anos xa viaxan gratis no transporte interurbano).

Este servizo púxose en funcionamento no mes de setembro e permite aos rapaces e rapazas gozar destas vantaxes previa realización duns trámi-

tes moi doados, tales como solicitar cita na web do TMG, acudir á oficina de Abanca máis próxima según a cita que xera a solicitude web e aceptar a precarga de 20€ en calquera caixeiro de ABANCA habilitado para a xestión da tarxeta.

A recarga pode facerse en todas as oficinas e caixeiros de Abanca ou na banca móbil e/ou banca electrónica. De igual forma, nos caixeiros, introducindo a tarxeta e aceptando o reintegro, recíbese o aboamento das viaxes realizadas, o cal irá en función da tarifa aplicada en cada momento.


As viaxes interurbanas reembolsaranse cada 15 días, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.

## Proxecto de dixitalización do fondo documental histórico

Preto de 4.000€ destinados á organización e á dixitalización do patrimonio

O Arquivo do Concello de Boqueixón ao amparo dunha liña de axudas da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, pon en marcha o proxecto de dixitalización do fondo documental histórico co fin de facelo máis accesible aos cidadáns e investigadores e para mellorar a conservación dos documentos orixinais.

Nesta primeira fase dixitalizaronse os Libros de Actas do Concello dende o ano 1847.



Acta do ano 1863 en formato dixital.



## Preto de 200 veciños participan no programa Actívate Boqueixón

*Estas actividades deron comezo no mes setembro e finalizarán no mes de xuño*

No mes de setembro, deu comezo no Concello de Boqueixón, un Programa de Actividades Físicas – Deportivas para adultos para o curso 16 – 17 que leva por nome Actívate Boqueixón.

Este programa nace co obxectivo de promover hábitos de vida saudables entre os veciños e veciñas a través da actividade físico-deportiva e

de fomentar a participación descentralizando as actividades.

Están dirixidas por monitores especializados e teñen lugar en distintas

parroquias do municipio. O programa consta de tres actividades, Pilates

que se está a levar a cabo en Ponte Ledesma, Forte, Codeso e Lestedo e con-

ta con 60 participantes; Zumba que se está a desenvolver en Camporrápido, Forte e Lestedo con 55 asistentes e a máis concorrida con 77 participantes, Ximnasia de mantemento, que se está a levar a cabo en seis das catorce parroquias que forman o concello.

Actívate Boqueixón deu comezo no mes de setembro e exténdese ata o mes de xuño.



## Máis de 7.000 euros para a mellora do equipamento do ximnasio municipal

*A nova dotación, responde á demanda dos usuarios do ximnasio*

O Concello de Boqueixón mellorou mediante unha inversión de 7.000 euros o equipamento do ximnasio municipal, unha instalación empregada de maneira regular por preto de 100 boqueixonenses, que desenvolven alí exercicios anaeróbicos e aeróbicos.

O uso do ximnasio municipal está regulado mediante o pago por parte do usuario dunha cota mensual de 12€ que da dereito a empregar a sala de musculación, a pista de padel e os espazos comúns dentro do horario de apertura de 16:00h a 22:00h.

Durante todo ese horario, os usuarios contan co apoio dun monitor que

deseña rutinas específicas para cada usuario e supervisa a práctica das mesmas

para evitar lesións e axudar a cada deportista a acadar os seus obxectivos.



*Nova maquinaria instalada no ximnasio.*

# A Escola Infantil Municipal “Raíña Lupa” conta con dúas aulas de bebés por primeira vez en 13 anos

*Recibíronse 17 matrículas para o tramo de idade 0-1*

A gran demanda que xera o uso do servizo da Escola Infantil Municipal, fixo que este ano por primeira vez na súa historia, fose necesaria a creación, a principios deste curso, dunha nova aula, denominada mixta, que conta con 10 nenos e nenas, os maiores da aula de 0-1 e os máis pequenos da aula de 1 ano. Esta decisión foi tomada debido a recepción de 17 matrículas para o tramo de idade de 0 a 1 anos, aínda que finalmen-

te só tomaron posesión 15 bebés.

Este desdoble facilita a atención máis individualizada atendendo as necesidades de cada cativo e permite a execución do proxecto de aula dunha forma máis efectiva.

Dentro das actividades que este curso escolar recolle no proxecto educativo de centro, cabe resaltar, a participación do alumnado da EIM Raíña Lupa, no proxecto medioambiental

Voz Natura, que este ano está centrado na reciclaxe dos distintos materiais de refugallo.

Ademais, este ano como novidade, e contando coa gran colaboración dos pais e nais, este público infantil, puido realizar unha vendima, na cal os nenos foron partícipes de todo o proceso, incluíndo o pisado da uva.

Todas as actividades e o traballo diario de aula, é recollido polas mestras



nun blog e pode ser consultado por todas as familias dos cativos e cativas en [www.rainalupa.blogspot.com.es](http://www.rainalupa.blogspot.com.es)

## O CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto: Un Centro Escolar dinámico

No CPI Antonio Orza Couto véñense desenvolvendo dinámicas de traballo encamiñadas a motivar ao alumnado na aprendizaxe de contidos académicos e destrezas sociais. As actividades, que serven de complemento ao aprendido na aula, teñen por obxecto a posta en práctica das habilidades adquiridas. Así, podemos destacar aquelas que lle axudan a adquirir hábitos saudables como lavar as mans antes de comer, probar de todas as comidas, ou lavar os dentes despois do xantar. A asistencia a concertos e ao teatro permiten ao alumnado achegarse a outras realidades e compartir espazo

con outros rapaces. Días de convivencia con centros da contorna ou saídas de



varios días poñen a proba a autonomía persoal. Charlas e talleres de prevención avisan dos riscos de segu-

ridade asociados ás novas tecnoloxías, ou dos derivados do consumo de drogas e alcohol, violencia sobre a muller, ou consecuencias do acoso escolar.

Outros proxectos nos que o centro está a participar permiten condicionar e respectar o medio natural, ou iniciar ao alumnado nas artes e na música, así como o servizo de préstamo dos fondos da biblioteca do centro do que se pode beneficiar toda a comunidade educativa.

Por outra parte, a actividade dinamizadora do centro escolar, máis alá do estritamente académico, é unha tarefa motivadora para o

alumnado, que ve como outros que lle precederon nos pupitres que ocupan chegaron lonxe no profesional e no persoal. Polo centro pasan ex alumnos e persoeros vinculados, no seu día, ao CPI Antonio Orza Couto que animan e axudan a valorar a educación e o estudo aos que aínda se atopan nas primeiras etapas de formación.

O centro escolar, xunto coa Consellería de Educación, conta para este labor con actores fundamentais como os pais e nais que contribúen directamente na preparación das actividades, a ANPA e o Concello de Boqueixón.



## C.R.A. BOQUEIXÓN- VEDRA “Neira Vilas”

O escritor Don Xosé Neira Vilas foi sempre un gran amigo do noso centro, proba delo foi as innumerables ocasións que visitamos a súa fundación e fixemos xunto a el moitas actividades.

A última vez que visitou o noso centro foi en xuño do 2013 onde ademais de contarnos cousas moi interesantes, de cando el era un neno coma Balbino, leunos unha chea de poesías do libro “Cantarolas” que escribiu coa súa dona Anisia e amosounos xoguetes da súa nenez e máis que recompilara e tiña na súa Fundación.

Aquel día non só falou para os nenos/as das escolas de Boqueixón e Vedra, se non para os alumnos/as das escolas de Ponteceso, Ribadavia



*O escritor Neira Vilas nunha das súas visitas ao CRA.*

e Vilaboa que nos vían a través de videoconferencia. Incluso nos saudaron mestres/as dende Finlandia.

Foi unha honra ter a Pepe entre nós coma un neno máis das escolas unitarias e a Balbino e a

Pachín xogando no patio das unitarias.

En maio deste ano fomos nós quen fomos visitar a súa Fundación. Sentiamos a necesidade de decirlle alí, na súa terra, que nunca o esqueceremos; que aínda que non

o tivesemos físicamente sempre estaría o noso corazón no Cabaliño de Buxo, nas memorias dos nenos do CRA e nas Cantarolas do centro.

Queríamos contarlle que agora o noso colexio levaría o seu nome na súa honra pola nosa amizade. Así foi que chegamos alí e os mestres/as do cole representamos un teatro de sombras coa historia do rebusque, visitamos e vimos os seus xoguetes e levamos outro de agasallo para que quedase alí para todos os Balbinos que se acheguen por Gres.

Nos nosos corazóns e no nome do noso centro sempre presente.

**Ata sempre Pepe, ata mañán Balbino!!!!**



*C.R.A. Boqueixón - Vedra.*

Yolanda Neira  
Directora do CRA



# TELÉFONOS DE INTERESE

## CONCELLO

Centraliña / alcaldía: 981 513 061 / 981 513 05

Fax: 981 513 000

Xulgado: 981 513 061

Departamento de Cultura e Educación: 981 513 115

Departamento de Servizos Sociais: 981 513 106

Departamento de Deportes/Ximnasio: 636 731 721

Departamento de Urbanismo/Servizo M. de Augas:  
981 513 061 / 981 513 052

Servizo Municipal de Augas (avarías) /  
Vías de Obras: 616 440 473

Recollida de Lixo: 616 440 468

Punto Limpo: 616 440 465

Saneamento - Espina & Delfín: 981 513 457

(luns e xoves) / 610 707 052 (Manolo)

## CENTROS ASISTENCIAIS

Centro Saúde do Forte: 981 513 010

Centro Saúde de Lestedo: 981 502 297

Residencia Santa Olalla (Codeso): 981 512 151

## EMERXENCIAS

Garda Civil de Lestedo: 981 503 051

Emerxencias (teléfono gratuito): 112

Urxencias médicas: 061

Protección Civil Boqueixón: 616 440 465

## CENTROS EDUCATIVOS

CPI Antonio Orza Couto: 881 866 783 (primaria)

881 866 781 / 881 866 775 (secundaria)

CPI de Vedra: 881 867 015

CRA: 616 440 471

Escola Unitaria de Lestedo: 616 440 474

Escola Unitaria de Camporrapado: 649 737 678

Escola Unitaria de Sergude: 616 440 472

Escola Infantil Raíña Lupa: 981 502 190

## OUTROS

Correos: 981 513 248

Permisos de queima (teléfono gratuito): 012

Taxista Lamas: 981 513 064 / 696 027 068  
(María Fernández Millán)

Taxista Ledesma: 686 483 899  
(Jesús Ramos Fernández)

Taxista Lestedo: 670 307 811/981 502 019  
(José Manuel Silva Fernández)

Farmacia de Lestedo: 981 502 252

Farmacia do Forte: 981 513 087

Farmacia de Camporrapado: 981 514 425

[www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)